



IES CANIDO – INFORMACIÓN BÁSICA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO
2022-2023

Materia	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	Curso	4º ESO.
DEPARTAMENTO	DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		

OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

	OBXECTIVOS	CONTIDOS
1ª AVA	<ul style="list-style-type: none"> • Acadar un uso correcto da lingua como medio de expresión oral e escrita. • Recoñecer e utilizar os distintos tipos de textos e as súas estruturas formais. • Dominar os recursos do comentario literario. • Ser capaz de elaborar textos argumentativos. • Coñecer os principios fundamentais da gramática, recoñecendo as distintas unidades e as súas funcións. • Distinguir os principais xéneros literarios e as súas características . • Coñecer as obras e autores máis representativos do Neoclasicismo, Romanticismo, o Realismo e o Modernismo e ser capaz de identificar as características de cada movemento literario. • Coñecer e usar as normas lingüísticas . • Aprender e utilizar técnicas sinxelas do manexo da información. 	<ul style="list-style-type: none"> • Unidade 1: As modalidades textuais. As variedades da lingua. A estrutura da palabra. • Unidade 2: Os textos expositivos. As propiedades textuais: adecuación, coherencia e cohesión. A derivación. • Unidade 3: Os textos argumentativos. A oración simple. Os complementos do verbo. Clasificación das oracións. A formación de substantivos. • Unidade 7: Educación literaria: Literatura do século XVIII. O Século das Luces: contexto histórico e social. O Neoclasicismo e a literatura ilustrada. O ensaio e o teatro. O xénero didáctico: os textos didácticos. O ensaio. Elementos compositivos cultos. • Unidade 8: Educación literaria: A literatura do século XIX. Contexto histórico e social. Romanticismo. Realismo e Naturalismo. O teatro romántico. A prosa romántica. A poesía romántica. Os textos humanísticos. Siglas e acrónimos. • Lectura obrigatoria: <i>Diez negritos</i>, Agatha Christie. • Lectura optativa: selección de <i>Leyendas</i> de Bécquer.

- | | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Acadar un uso correcto da lingua como medio de expresión oral e escrita . • Recoñecer distintos tipos de textos xornalísticos e analizar as súas características. • Coñecer os principios fundamentais da gramática, recoñecendo as distintas unidades e as súas funcións. • Distinguir os principais xéneros literarios, os movementos, obras e autores máis representativos desde o século XVIII ata a Guerra Civil. • Elaborar textos habituais na vida cotiá, como a instancia e o currículum vitae. • Coñecer e usar as normas lingüísticas. • Aprender e utilizar técnicas sinxelas do manexo da información. • Recoñecer e <i>construír</i> oracións compostas por coordinación, xustaposición e subordinación. • Comprender o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a estrutura e a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do falante. | <ul style="list-style-type: none"> • Unidade 4: A oración composta (I) As oracións xustapostas, coordinadas e subordinadas. Os xéneros xornalísticos. A formación de adxectivos. • Unidade 5: A oración composta (II). Oracións subordinadas substantivas. As súas clases. As oracións subordinadas adxectivas. O nexo relativo e as súas funcións. Os xéneros periodísticos de opinión. O artigo de fondo e a columna. O editorial e a crítica. • Unidade 9: Educación literaria: A narrativa realista e naturalista. O Realismo en España. Benito Pérez Galdós. Leopoldo Alas, Clarín. O Naturalismo. Os textos científicos. Denotación e connotación. • Unidade 10: Educación literaria: A literatura de fin de século. Modernismo e Xeración do 98. A renovación da poesía: Rubén Darío. A poesía de Antonio Machado. A novela de Fin de Século. As novelas de Unamuno e Baroja. O teatro de Valle-Inclán. O Simbolismo: as imaxes, as metáforas. • Unidade 11: Educación literaria: Novecentismo, Vangardas e Grupo do 27. A cultura na primeira metade do século XX. O Novecentismo. Juan Ramón Jiménez. As vangardas. A Xeración do 27. Federico García Lorca. O vangardismo. As técnicas das vangardas. As greguerías. O cambio semántico. • Lectura obrigatoria: <i>Bodas de sangre</i>, Federico García Lorca. • Lectura optativa: <i>Cuatro corazones con freno y marcha atrás</i>, Enrique Jardiel Poncela. |
|--|--|

- | | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • Acadar un uso correcto da lingua como medio de expresión oral e escrita . • Reflexionar sobre a finalidade das mensaxes publicitarias e analizar o valor da linguaxe verbal e non verbal. • Distinguir os principais xéneros literarios, os movementos, obras e autores máis representativos da nosa literatura a partir da Guerra Civil. • Coñecer e valorar a realidade plurilingüe e pluricultural de España. • Coñecer e usar as normas lingüísticas. • Analizar fragmentos da poesía e a narrativa hispanoamericana e explicar os trazos característicos da tendencia na que se inscriben. • Recoñecer e explicar a evolución dos distintos tipos de textos dramáticos do teatro de posguerra: humorístico, social e experimental e o teatro do absurdo; explicar as diferenzas que hai entre eles. • Recoñecer as características da novela actual e recoñecer as diferentes tendencias: policiaca, histórica, intimista e novela testemuño. | <ul style="list-style-type: none"> • Unidade 6: A oración composta (III). As oracións subordinadas adverbiais. Os textos publicitarios. A linguaxe dos textos publicitarios. Composición e parasíntese. • Unidade 12: Educación literaria: A lírica posterior a 1939. Contexto histórico social. Miguel Hernández. A poesía de posguerra. A poesía social. Os poetas de metade do século. Os Novísimos. Tendencias actuais. Poesía da experiencia. O texto literario e a imaxe. • Unidade 13: Educación literaria .A narrativa posterior a 1939. A narrativa nos anos 40 e 50. A renovación narrativa dos anos 60. A narrativa ata a actualidade. A narrativa hispanoamericana. As técnicas narrativas. Léxico: os préstamos. • Unidade 14: Educación literaria: O teatro posterior a 1939. O teatro do humor. O teatro social. O teatro experimental. O teatro da actualidade. O espectáculo teatral. Léxico: os neoloxismos. • Lectura obrigatoria: <i>Un viejo que leía novelas de amor</i>, Luis Sepúlveda. • Lectura optativa: <i>Nada</i>, Carmen Laforet/
<i>Como agua para chocolate</i>, Laura Esquivel. |
|---|---|

	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
1ª AV/A	<ul style="list-style-type: none"> • Extraer as ideas principais e os datos relevantes de presentacións dunha certa extensión ou de conferencias e identificar o propósito, a tese e os argumentos . • Expor, explicar, argumentar, resumir e comentar, en soporte papel ou dixital, usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas, respectando as normas gramaticais e ortográficas e valorando a importancia de planificar e revisar o texto. • Identificar e contrastar o propósito en textos escritos do ámbito público e ds medios de comunicación; comprender instrucións que regulan a vida social e procesos de aprendizaxe complexos; deducir o tema xeral e os temas secundarios; distinguir como se organiza a información; contrastar explicacións e argumentos e xulgar a eficacia dos procedementos lingüísticos usados. • Utilizar os coñecementos literarios na comprensión e valoración de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente ás innovacións dos xéneros e das formas (na versificación e na linguaxe) na literatura contemporánea. • Ler e comprender fragmentos de textos da prosa, a poesía e o teatro representativos do século XVIII, explicando as súas características. • Ler e comprender fábulas. • Localizar en bibliotecas ou Internet fábulas de Esopo e de Tomás Iriarte. • Ler e comprender fragmentos de textos da prosa, a lírica e o teatro representativos do Romanticismo, explicando as súas características e mencionando os seus trazos estilísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de textos escritos de diferente tipo, correctos, adecuados e ben estruturados . • Recoñecemento dos mecanismos básicos de adecuación, coherencia e cohesión. • Coñecemento básico do mecanismo de formación de palabras e da súa estrutura. • Recoñecemento das diferentes unidades da lingua, as súas características, as súas relacións semánticas e as súas funcións. • Coñecemento das características, estilo, autores e obras máis representativos do Neoclasicismo e do Romanticismo. • Lectura da obra proposta.

2ª AVA	<ul style="list-style-type: none"> • Buscar información sobre <i>La Regenta</i>, de Leopoldo Alas «Clarín». • Identificar e diferenciar arcaísmos e neoloxismos. • Recoñecer e diferenciar palabras patrimoniais e cultismos. • Recoñecer o termo latino de orixe e a palabra culta e a patrimonial á que da lugar nos dobretes. • Ler e comprender fragmentos de textos do Modernismo e a Xeración do 98. • Recoñecer as características da poesía modernista e identificalas nas obras dos autores máis destacados. • Recoñecer as características da prosa da xeración do 98 e identificalas nas obras dos autores máis destacados. • Explicar as características do esperpento. • Realizar o comentario de texto de poemas de Antonio Machado. • Explicar a evolución da literatura española desde finais do século XIX ata comezos do XX. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento das características, os autores e obras máis representativas do Realismo e o Naturalismo. • Coñecemento das características, os autores e obras máis representativas do Modernismo e a Xeración do 98. • Recoñecemento das principais características do texto teatral. • Elaboración de textos escritos de diferente tipo, correctos, adecuados e ben estruturados . • Recoñecemento das diferentes unidades da lingua, as súas características, as súas relacións semánticas e as súas funcións (análise sintáctica de dificultade media). • Análise sintáctica de oracións compostas subordinadas substantivas e adxectivas. • Coñecemento das características, estilo, obras e autores máis representativos desde finais do século XIX ata a Guerra Civil. • Lectura da obra proposta .
3ª AVA	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar o comentario de poemas de Juan Ramón Jiménez analizando e explicando o tema, a estrutura e o estilo. Resumir as etapas da súa obra. • Recoñecer os distintos autores da Xeración do 27 e as súas obras; identificar os seus trazos comúns. • Interpretar a linguaxe empregada polos distintos autores da Xeración do 27. • Analizar poemas e explicar os trazos da Xeración do 27 presentes neles. • Realizar o comentario dunha obra dramática de García Lorca, explicando o contido, analizando a estrutura e o estilo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de textos escritos de diferente tipo, correctos, adecuados e ben estruturados . • Análise sintáctica das oracións subordinadas adverbais. • Coñecemento dos xéneros, os estilos, as obras e os autores máis representativos da nosa literatura a partir da Guerra Civil. • Recoñecemento das principais características do texto narrativo. • Lectura da obra proposta.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude (percentaxes)	10%	Traballo diario
Conceptos e procedementos (percentaxes)	80%	Probas obxectivas escritas
	10%	Lecturas obrigatorias

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE CUALIFICACIÓN

Realizaranse un mínimo de **dous exames escritos** no trimestre e con eles faremos a media.

Para poder facer media entre cada bloque (lingua e literatura), debe acadarse un mínimo de 3 sobre 10 en cada parte.

Descontarase un máximo de 1,5 puntos por erros de ortografía, a razón de 0,10 puntos por cada falta de ortografía.

Para obter a nota de avaliación se utilizarán as percentaxes indicadas na táboa.

Ademais, o alumnado terá a posibilidade de sumar ata **1 punto** por realizar un traballo de carácter voluntario sobre un libro proposto polo profesorado ou ben traballos sobre diferentes cuestións do currículo tamén propostos polo equipo docente. Neste caso, a puntuación total deste apartado sumarase á nota global unha vez acadada a puntuación mínima nas probas de avaliación.

Actividades ou procedementos de recuperación

Cada avaliación terá a súa correspondente recuperación con igual grao de dificultade que os exames de avaliación. Os alumnos suspensos nalgunha das partes (lingua e literatura) deberán presentarse obrigatoriamente a elas. No caso de que un alumno obtivese menor nota, manteráselle a anterior.

Para a obtención da nota final farase a nota media das avaliacións ou recuperacións non finais (a máis alta en cada caso, redondeando ao enteiro máis próximo)

Avaliación final: Nos exames correspondentes á proba da avaliación final de xuño, cada bloque temático: lingua e literatura terá un valor de 50% cada un. A cualificación global será a nota media delas e, ademais, a cualificación de ningunha delas poderá ser manifestamente inferior á das outras. Nestes exames non haberá proba específica dos libros de lectura.